



CONCELLO DE FOZ (LUGO)

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA POLO CONCELLO PLENO EN DATA 26 DE MARZO DE 2015

ASISTENTES:

PRESIDENTE

D. JAVIER JORGE CASTIÑEIRA

CONCELLEIROS/AS

D. PEDRO J. FERNÁNDEZ MANIN (PP)
D^a. MERCEDES J. GONZÁLEZ ALONSO (PP)
D^a. M^a TERESA LÓPEZ REGO (PP)
D. JOSÉ ÁNGEL PALEO SOTO (PP)
D. RAMÓN SIXTO LEGASPI (MEMBRO NON ADSCRITO)
D^a. ANA ISABEL VILLARINO ALONSO (MEMBRO NON
ADSCRITO)
D. ENRIQUE COTARELO GARCÍA (MEMBRO NON
ADSCRITO)
D. JOSÉ MANUEL CASABELLA OTERO (MEMBRO NON
ADSCRITO)
D. XAIME CANCIO RODRÍGUEZ (MEMBRO NON
ADSCRITO)
D^a ANA MARÍA LÓPEZ CAMPOAMOR (UNIFOZ)
D^a M^a ANGELES VEIGA VARELA (UNIFOZ)
D. XAN CARLOS GONZÁLEZ BASANTA (MIXTO-BNG)

No salón de xuntas do concello de Foz, sendo as vinte horas e trinta minutos do día vinte e seis de marzo de dous mil quince, reúnese, en sesión ordinaria e primeira convocatoria, o concello pleno, baixo a presidencia do señor alcalde presidente don Javier Jorge Castiñeira, coa asistencia dos señores/as concelleiros/as relacionados ao marxe. Actúa de secretaria, a habilitada estatal, Ana Barreiro Gómez, que da fe do acto.-

SECRETARIA

D^a. ANA BARREIRO GÓMEZ

Comprobado que asiste quórum suficiente para a válida celebración da sesión (os trece concelleiros/as que de dereito compoñen a corporación), o señor alcalde declara aberto o acto e, seguidamente, éntrase no despacho dos asuntos incorporados á orde do día, cursados xuntamente coa convocatoria, producíndose o desenvolvemento da sesión e correlativa adopción de acordos, nos termos seguintes:-

1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO BORRADOR DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR, ORDINARIA DE DATA 26 DE FEBREIRO DE 2015.- Por unanimidade dos/as trece señores/as concelleiros/as asistentes acórdase prestar aprobación ao borrador da acta da sesión anterior, ordinaria de data 26 de febreiro de 2015, en todos os seus extremos e nos seus propios termos.-

2.- DACIÓN DE CONTA DE RESOLUCIÓNS E DECRETOS DA ALCALDÍA, ASÍ COMO DAS XUNTAS DE GOBERNO LOCAL, DESDE O ÚLTIMO PLENO ORDINARIO.- Aos efectos previstos no regulamento de Organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, dáse conta ao Pleno da corporación das resolucións e decretos da alcaldía, así como das xuntas de goberno local desde o último pleno ordinario, que foron postas/os de manifesto á secretaría, quedando informados do seu contido os doce señores/as concelleiros/as asistentes e cuxa relación se transcribe a continuación:

RELACIÓN DECRETOS/RESOLUCIÓN ALCALDIA DESDE O 23/02/15 AO 21/03/15

<u>NOME</u>	<u>DATA</u>	<u>RESUMO</u>
DECRETO	19/03/20	
2015-0192	15 19:01	CONT
DECRETO	19/03/20	
2015-0191	15 19:00	Aprobación Padróns servizo axuda fogar xaneiro-febreiro
DECRETO	19/03/20	
2015-0190	15 18:59	cont
DECRETO	19/03/20	DECRETO de Alcaldía de concesión do SAF Dependentes a D. JOSE
2015-0189	15 11:56	RODRIGUEZ VILLARINO
DECRETO	19/03/20	
2015-0188	15 11:55	CONT
DECRETO	19/03/20	
2015-0187	15 11:55	APROBACION FACTURAS
DECRETO	19/03/20	
2015-0186	15 11:55	DEVOLUCION AVAL
DECRETO	19/03/20	
2015-0185	15 11:54	DEVOLUCION AVAL CLIMATIZACION
DECRETO	19/03/20	
2015-0184	15 11:53	cont
DECRETO	19/03/20	
2015-0183	15 11:53	D150316 TRANSMISION LICENZA TAXI
DECRETO	19/03/20	DECRETO de Alcaldía de consesión do SAF Dependentes a D. AURORA
2015-0182	15 11:53	JUSTINIANA ALONSO ALVAREZ
DECRETO	19/03/20	Resolución Alcaldía de 18/03/2015, Exención antigüidade Manuel
2015-0181	15 9:52	Fernández Fraga, matrícula LU-2258- T.
DECRETO	19/03/20	
2015-0180	15 9:52	Solicitud Salón de Actos CENIMA
DECRETO	18/03/20	
2015-0179	15 11:20	CONTRATO
DECRETO	18/03/20	
2015-0178	15 11:20	CONT
DECRETO	18/03/20	
2015-0177	15 11:19	D150318 CONVOCATORIA XGL ORD. DE 19 DE MARZO DE 2015
DECRETO	18/03/20	
2015-0176	15 11:19	APROBACION Y PAGO FACTURAS OBRADOIRO PARDO DE CELA
DECRETO	18/03/20	
2015-0175	15 11:19	EXPDTE. 8/2015 DE XERACION DE CREDITO. POS 2015
DECRETO	18/03/20	
2015-0174	15 11:18	cont
DECRETO	18/03/20	Resolución Alcaldía de 17/03/2015, Exención antigüidade José Miguel
2015-0173	15 9:14	Paredes Rios, matrícula O -0264-AU.
DECRETO	17/03/20	DECRETO de Alcaldía de concesión do SAF a dependentes a D. JOSE
2015-0172	15 12:29	Mª FERNANDEZ FREIRE
DECRETO	17/03/20	DECRETO de Alcaldía de modificación do SAF libre concorrencia a D.
2015-0171	15 12:29	Mª DOLORES MARTINEZ RAMOS
DECRETO	17/03/20	DECRETO de Alcaldía de concesión do SAF a dependentes a D. Mª
2015-0170	15 12:28	JUSTA REGUEIRA SANJURJO



CONCELLO DE FOZ (LUGO)

DECRETO 2015-0169	16/03/20 15 13:13	Aprobación e ordención pago edicto en B.O.P. Padróns Taxa auga, canon, recollida lixo e depuración 1º bimestre 2013
DECRETO 2015-0168	16/03/20 15 13:13	D150316 COMISION INFORMATIVA DE ASUNTOS DE PLENO DE DATA 19/03/15
DECRETO 2015-0167	16/03/20 15 13:12	Compensación débedas Alfonso Posada Rivera
DECRETO 2015-0166	16/03/20 15 13:11	MARCOS PRESUPUESTARIOS 2016-2018
DECRETO 2015-0165	16/03/20 15 12:00	Solicitud Salón de Actos CENIMA
DECRETO 2015-0164	16/03/20 15 12:00	DECRETO de Alcaldía de concesión do SAF a dependentes a D. JOSEFA RODRIGUEZ RIO
DECRETO 2015-0163	16/03/20 15 9:47	Solicitud CENIMA
DECRETO 2015-0162	16/03/20 15 9:42	DECRETO de modificación/incremento do SAF a Dependentes de D. JOSE ANGEL MARTINEZ ALVAREZ
DECRETO 2015-0161	16/03/20 15 9:41	DECRETO de Alcaldía de modificación/incremento do SAF a Dependentes de D. JAVIER EIJO DORREGO
DECRETO 2015-0160	16/03/20 15 9:41	DECRETO de Alcaldía de modificación/incremento do SAF a Dependentes de D. PIEDAD FERNANDEZ PRIETO
DECRETO 2015-0159	16/03/20 15 9:40	DECRETO de Alcaldía de modificación/incremento do SAF a Dependentes de D. CARMEN RIO DEAN
DECRETO 2015-0158	16/03/20 15 9:40	DECRETO de Alcaldía de concesion do SAF a dependentes a D. M ^a RAMONA MARTINEZ GARCIA
DECRETO 2015-0157	16/03/20 15 9:40	DECRETO de Alcaldía de concesión do SAF a dependentes a D. CARMEN LOSAS CASAS
DECRETO 2015-0156	16/03/20 15 9:40	DECRETO de Alcaldía de concesión do SAF a dependentes a D. ERMITAS INSUA RUBAL
DECRETO 2015-0155	16/03/20 15 9:39	DECRETO de Alcaldía de concesión do SAF a dependentes a D. MARIA ROUCO MOREDA
DECRETO 2015-0154	13/03/20 15 20:11	Resolución Alcaldía de 13/03/2015, Devolución IVTM 2015 Manuel Goyos Camarista, matrícula LU-7156- W.
DECRETO 2015-0153	13/03/20 15 20:10	Resolución Alcaldía de 13/03/2015, Exención minusvalía Manuel José García Palmeiro, matrícula 5513 BNJ.
DECRETO 2015-0152	13/03/20 15 20:10	Resolución Alcaldía de 13/03/2015, Exención minusvalía Iván Méndez Oroza, matrícula 5992 JCS.
DECRETO 2015-0151	13/03/20 15 20:10	Resolución Alcaldía de 13/03/2015, Devolución IVTM 2015 Vicente Fraga Otero, matrícula PO-3565-AZ.
DECRETO 2015-0150	13/03/20 15 20:10	Delegación Alcaldía no Concelleiro D. José Angel Paleo Soto para celebración matrimonio civil
DECRETO 2015-0149	13/03/20 15 20:09	Resolución Alcaldía de 13/03/2015, Exención minusvalía Ramón Nemesio Lousas Lestegás, matrícula 0050 BRR.
DECRETO 2015-0148	13/03/20 15 20:09	APROBACION LIQUIDACION EJERCICIO 2014
DECRETO 2015-0147	12/03/20 15 17:24	contrato
DECRETO 2015-0146	12/03/20 15 17:24	RESOLUCION ALCALDIA TRAMITE AUDIENCIA FINCA PEIZAS
DECRETO 2015-0145	12/03/20 15 17:24	DECRETO de Alcaldía de concesión do SAF libre concorrencia a Dna. ANGELICA ARCA CASERIO

DECRETO	12/03/20	DECRETO de Alcaldía de concesión do SAF libre concorrencia a D.
2015-0144	15 17:24	GENEROSA VAL VAL
DECRETO	12/03/20	DECRETO de Alcaldía de modificación do SAF libre concorrencia a D.
2015-0143	15 17:23	EUGENIA RGUEZ. PEREZ
DECRETO	12/03/20	RESOLUCION ALCALDIA CAMBIO GRUPO TAXA LIXO LOCAL MARTINEZ
2015-0142	15 17:23	OTERO 2 BAIXO
DECRETO	12/03/20	
2015-0141	15 17:23	RESOLUCION ALCALDIA TRAMITE AUDIENCIA FINCA NOIS
DECRETO	12/03/20	
2015-0140	15 17:22	Compensación reintegro cantidade Bahia, S.L.
DECRETO	11/03/20	
2015-0139	15 13:12	Aprobación gastos Instituto Social da Mariña cesión uso casa do mar.
DECRETO	11/03/20	
2015-0138	15 13:11	DEVOLUCION GARANTIA
DECRETO	11/03/20	
2015-0137	15 13:10	CUMPRIMENTO 5º BIENIO OLAYA RODRIGUEZ GIRAL
DECRETO	11/03/20	
2015-0136	15 13:10	CUMPRIMENTO 1º BIENIO MARIA ELENA VIJANDE LEGASPI
DECRETO	11/03/20	
2015-0135	15 13:09	peim
DECRETO	11/03/20	
2015-0134	15 13:09	Aprobación e ordenación pago edicto en D.O.G.
DECRETO	11/03/20	
2015-0133	15 13:07	pista de skate
DECRETO	11/03/20	
2015-0132	15 13:06	obra
DECRETO	11/03/20	expdte., 7/2015 de transferencia de crédito dentro da mesma área de
2015-0131	15 13:05	gasto. Grada pista polideportiva Campo da Cabana en Foz
DECRETO	11/03/20	
2015-0130	15 13:04	PAGO SUBVENCIONS NOMINATIVAS EJERCICIO 2013
DECRETO	09/03/20	
2015-0129	15 18:02	contratos
DECRETO	09/03/20	
2015-0128	15 18:02	aprob y pago facturas
DECRETO	09/03/20	
2015-0127	15 18:01	padron auga, lixo, saneamento 1º bimestre 2015
DECRETO	06/03/20	
2015-0126	15 12:28	DEVOLUCION GARANTÍA OTELEC
DECRETO	06/03/20	
2015-0125	15 12:27	aprob facturas
DECRETO	05/03/20	
2015-0124	15 11:23	Solicitud Salón de Actos CENIMA
DECRETO	05/03/20	
2015-0123	15 11:18	INDEMNIZACION POR RZON DE SERVICIO
DECRETO	05/03/20	
2015-0122	15 11:15	contrato
DECRETO	05/03/20	Concesión pago a xustificar 240,00 € a José Angel Paleo Soto para
2015-0121	15 11:14	"XIV Certame de Poemas de Amor.
DECRETO	03/03/20	
2015-0120	15 12:43	Ordenación pago facturas varias 2014



CONCELLO DE FOZ (LUGO)

DECRETO	03/03/20	Aprobación conta xustificativa pago a xustificar para "XIII Concurso
2015-0119	15 12:29	Postais de Nadal 2014"
DECRETO	03/03/20	
2015-0118	15 10:08	Solicitud Salón de Actos CENIMA
DECRETO	02/03/20	
2015-0117	15 18:25	contrato
DECRETO	02/03/20	RESOLUCION RENOVACION LICENZA ANIMAIS POTENCIONALMENTE
2015-0116	15 18:24	PERIGOSOS
DECRETO	02/03/20	
2015-0115	15 14:48	Solicitud Salón de Actos CENIMA
DECRETO	02/03/20	
2015-0114	15 9:24	Solicitud Salón de Actos CENIMA
DECRETO	27/02/20	Ordenación pago anuncio "Contrato servizos mantemento
2015-0113	15 11:42	instalacións alumeadado público" en B.O.P.
DECRETO	27/02/20	
2015-0112	15 11:40	APROBACION TASAS PORTUARIAS
DECRETO	27/02/20	Aprobación orde de pago a xustificar a D. Ramón Rodríguez Paleo
2015-0111	15 11:39	para arranxo camiión recollida lixo 2074 GBC
DECRETO	27/02/20	
2015-0110	15 9:33	Solicitud Salón de Actos CENIMA
DECRETO	27/02/20	
2015-0109	15 9:00	NOMINAS FEBREIRO
DECRETO	27/02/20	
2015-0108	15 9:00	APROBACION FACTURAS
DECRETO	27/02/20	
2015-0107	15 8:59	prazo de alegacións
DECRETO	26/02/20	
2015-0106	15 11:44	cont punto limpo
DECRETO	26/02/20	
2015-0105	15 10:10	RESOLUCION ALCALDIA TRAMITE AUDIENCIA FINCA AS CHAVES
DECRETO	26/02/20	
2015-0104	15 9:59	DECRETO de Alcaldía de modificación do SAF libre concorrencia
DECRETO	26/02/20	DECRETO de Alcaldía de modificación do horario de prestación do SAF
2015-0103	15 9:59	a D. NIVARDA FRANCO DIAZ
DECRETO	26/02/20	
2015-0102	15 9:59	Solicitud Salón de Actos CENIMA
DECRETO	26/02/20	
2015-0101	15 9:58	Solicitud Sala de Exposicións para grabación.
DECRETO	26/02/20	Resolución Alcaldía de 25/02/2015, Exención antigüidade María
2015-0100	15 9:57	Carmen Pumares Sixto, matrícula LU-5207- L.
DECRETO	26/02/20	DECRETO Alcaldía de alta no SAF a Dependentes de ANA M ^a
2015-0099	15 9:57	ECHEVARRIA LOPEZ
DECRETO	26/02/20	DECRETO Alcaldía de modificación por incremento do SAF a
2015-0098	15 9:57	Dependentes de D. JOSE-ANGEL MTEZ. ALVAREZ
DECRETO	26/02/20	DECRETO de Alcaldía de modificación do día de prestación do SAF a D.
2015-0097	15 9:51	MARIA OTERO VEGUET
DECRETO	23/02/20	RESOLUCION ALCALDIA INICIO EXPEDIENTE RETIRADA VEHICULO AVD
2015-0096	15 14:20	CANTABRICO

3.- DACIÓN DE CONTA LIQUIDACIÓN 2014 E MARCO PRESUPUESTARIO 2016/2018.- Por Secretaría dáse conta da liquidación 2014 e do Marco Presupuestario 2016/2018.-

A continuación intervén o señor **ALCALDE, JAVIER JORGE CASTIÑEIRA**, e explica que a liquidación dos orzamentos traése nestas datas por imperativo legal, resultando favorable de máis de un millón de euros, pero estase nunhos orzamentos prorrogados do ano 2012, quedaron partidas sen gastar o crédito e tamén había partidas sen crédito que darán lugar a un recoñecemento extraxudicial, pero éste nunca será superior o resultado presupuestario. Cúmprese o obxectivo de estabilidade presupuestaria, incúmprese a regra de gasto, e cúmprese co límite de endebedamento. Di que terán que facer un pequeno plan económico financeiro. Non hai débeda, polo que o ratio de endebedamento non supera o ratio establecido, polo que os datos son positivos.-

Os Concelleiros/as membros asistentes á sesión dánse por enterados/as.-

4.- MOCIÓN XAIME CANCIO RODRÍGUEZ, INSTANDO AO MINISTERIO DE FOMENTO – DEMARCACIÓN DE CARRETERAS DO ESTADO EN LUGO, O ACONDICIONAMENTO DOS CAMIÑOS PARALELOS Á CTRA. N-642.- Dáse conta do ditame emitido pola comisión informativa permanente de Asuntos Preparatorios de Pleno, acadado na súa sesión ordinaria celebrada o día 19 de marzo de 2015, que no seu literal indica:

*“ O señor **ALCALDE, JAVIER JORGE CASTIÑEIRA**, di que o señor Cancio Rodríguez non se atopa presente neste intre, e polo tanto pasa él a dar lectura da Moción, co tenor seguinte:*

“ Que os camiños paralelos a cta. N642 (tramo variante de Foz), que dan acceso dende a cta. Ver-Vilaxoane ata cta. de fonte de Marzán ao Santo, encóntranse en moi mal estado o que fai que sexa imposible o seu transito con vehículo tipo turismo, de forma particular a que está polo marxe esquerdo no sentido Foz-Burela.-

Que o mantemento e conservación de este camiño de servizo e responsabilidade do Ministerio de Fomento.-

Por todo o exposto mediante a seguinte MOCIÓN , a Corporación Municipal insta ao MINISTERIO DE FOMENTO-DEMARCACIÓN DE CARRETERAS DO ESTADO EN LUGO, para que proceda ao acondicionamento da mencionada carretera, mediante asfaltado en quente”.-

*Non producíndose debate algún, pola Presidencia sométese a proposta contida na Moción anteriormente transcrita a votación ordinaria, e por **unanimidade** dos once concelleiros/as que a compoñen, resulta proclamado o seguinte ditame:*

DITAMINAR FAVORABLEMENTE E PROPOÑER AO PLENO DESTE CONCELLO A APROBACIÓN DA MOCIÓN DO CONCELLEIRO MEMBRO NON ADSCRITO, XAIME CANCIO RODRÍGUEZ, INSTANDO AO MINISTERIO DE FOMENTO-DEMARCACIÓN DE CARRETERAS DO ESTADO EN LUGO, O ACONDICIONAMENTO DOS CAMIÑOS PARALELOS Á CTRA. N-642”.-

A continuación o señor **ALCALDE, JAVIER JORGE CASTIÑEIRA**, dálle a palabra ao señor **CANCIO RODRÍGUEZ**, quen pasa a a ler e explicar a súa Moción.-



CONCELLO DE FOZ (LUGO)

Intervén o señor **ALCALDE, JAVIER JORGE CASTIÑEIRA**, e di que o pasado martes estivo o Director de Infraestruturas para anunciar a inversión de máis de 1000.000 de euros, e manifesta que queren que se priorice no firme e na seguridade.-

A continuación intervén o Concelleiro membro non adscrito, **XAIME CANCIO RODRÍGUEZ**, e di que entende que son partidas distintas, a Nacional é distinta das outras vías secundarias, e que ámbalas dúas son necesarias.-

Intervén a continuación o Portavoz do grupo municipal **MIXTO-BNG, XAN CARLOS GONZÁLEZ BASANTA**, e di que debe ser a estrada nacional de peor estado, trouxéronse moitas mocións neste sentido e só se rebachearon, e esta última non vale para nada, polo que lles debería de dar vergoña o PP e ao PSOE. Como é ano electoral faise pero con tardanza, realmente para o BNG o estado da N-642 e anexos son unha vergoña para o pobo de Foz e para o país.-

Intervén novamente o señor **ALCALDE, JAVIER JORGE CASTIÑEIRA**, e di que desde a Corporación sempre se instou e conseguimos unha dotación orzamentaria, pero isto ten un trámite de contratación.-

Intervén novamente o Portavoz do grupo municipal **MIXTO-BNG, XAN CARLOS GONZÁLEZ BASANTA**, e dille ao señor Alcalde que recoñeza os erros.-

Debatido suficientemente o señor alcalde somete o transcrito ditame da comisión informativa a votación ordinaria, e por unanimidade dos trece señores /as concelleiros/as, queda proclamado polo señor presidente o acordo acadado, deste xeito:

PRESTAR APROBACIÓN AO DITAME DA COMISIÓN INFORMATIVA PERMANENTE DE ASUNTOS PREPARATORIOS DE PLENO DE DATA 19/03/2015 REFLECTIDO ANTERIORMENTE, EN TODOS OS SEUS EXTREMOS E NOS SEUS PROPIOS TERMOS.-

5.- MOCIÓN XAIME CANCIO RODRÍGUEZ, INSTANDO AO EQUIPO DE GOBERNO MUNICIPAL A REQUIRIR ESTUDIO DE SEGURIDADE DA CONSTRUCCIÓN INICIADA E PARALIZADA FRONTE Á CASA DA CULTURA, NA RÚA DE LUGO.- Dáse conta do ditame emitido pola comisión informativa permanente de Asuntos Preparatorios de Pleno, acadado na súa sesión ordinaria celebrada o día 19 de marzo de 2015, que no seu literal indica:

“Atendida a Moción reflectida no epígrafe, defendida polo Concelleiro membro non adscrito, XAIME CANCIO RODRÍGUEZ, co tenor seguinte:

“ Que a Corporación Municipal, é coñecedora da situación na que se encontra a construción iniciada e paralizada fronte a Casa da Cultura na rúa de Lugo.-

Que dada a profundidade da mesma, e o número de plantas soterradas, así como o tempo de paralización da obra, xunto coa as nulas medidas de protección da estrutura, considero necesario se tomen medidas de seguridade por parte do goberno municipal.-

Que o deterioro da estrutura construída, podería repercutir gravemente na seguridade dos veciños colindantes, así como nos vías públicos colindantes.-

Por todo o exposto mediante a seguinte MOCIÓN , a Corporación Municipal insta ao E.G. MUNICIPAL, a requirir estudio de seguridade da mencionada construción “.-

*Intervén o señor **ALCALDE, JAVIER JORGE CASTIÑEIRA**, e dálle a palabra ao señor Cancio Rodríguez, quen pide un informe técnico sobre a construción para determinar o seu estado.-*

*Intervén novamente o señor **ALCALDE, JAVIER JORGE CASTIÑEIRA**, e di que hai moitas fincas e construcións nesa situación, porque moitas teñen licenza que non está caducada e a situación é moi delicada, porque implicaría devolución dos tributos, etc.-*

Debatido suficientemente, pola Presidencia sométese a proposta contida na Moción anteriormente transcrita a votación ordinaria, co resultado seguinte:

-VOTOS A FAVOR: UNIFOZ (2); CONCELLEIROS MEMBROS NON ADSCRITOS (5).-

-VOTOS EN CONTRA: NINGÚN.-

-ABSTENCIÓNS: PP (3); MIXTO-BNG (1).-

*Consecuentemente, pola presidencia resulta proclamado o seguinte **DITAME**:*

DITAMINAR FAVORABLEMENTE E PROPOÑER AO PLENO DESTE CONCELLO A APROBACIÓN DA MOCIÓN DO CONCELLEIRO MEMBRO NON ADSCRITO, XAIME CANCIO RODRÍGUEZ, INSTANDO AO EQUIPO DE GOBERNO MUNICIPAL A REQUIRIR ESTUDIO DE SEGURIDADE DA CONSTRUCCIÓN INICIADA E PARALIZADA FRONTE Á CASA DA CULTURA, NA RÚA DE LUGO “.-

A continuación o señor **ALCALDE, JAVIER JORGE CASTIÑEIRA**, dálle a palabra ao señor **CANCIO RODRÍGUEZ**, quen pasa a a ler e explicar a súa Moción, manifestando que se descoñece o estado da construción, e que o Equipo de Goberno debe de reclamar o estudo de seguridade a quen se lle concedeu a licenza. Di que afecta a beirarúas e rúas que son bens do Concello, e o ferro que está ao aire estase deteriorando, e pode ter consecuencias.-

A continuación intervén a Portavoz do grupo municipal **UNIFOZ, ANA MARÍA LÓPEZ CAMPOAMOR**, e manifesta que eles están a favor da moción.-

Intervén a continuación o Portavoz do grupo municipal **MIXTO-BNG, XAN CARLOS GONZÁLEZ BASANTA**, e pide que se faga extensivo a outros bens e licenzas que se deron, concretamente na rúa Corporacións tamén hai un problema.-

A continuación intervén o Portavoz dos Concelleiros membros non adscritos, **RAMÓN SIXTO LEGASPI**, e manifesta que eles están a favor e de acordo co que di o compañeiro do BNG.-

Intervén a continuación o señor **ALCALDE, JAVIER JORGE CASTIÑEIRA**, e di que o estudo de seguridade xa o ten no proxecto de obra, pero si se quere outro estudo de cómo están as obras elaborado polos técnicos municipais ou externos, haberá que velo. Di que son solares que teñen licenza, están en situación de legalidade urbanística, pero si se quere deixar sen validez as licenzas, teránse que devolver millóns de euros en impostos. Manifesta que este Concello xa lle comunicou á Inspección de Traballo a problemática de moitas obras, pero esta obra en concreto ten un problema que é o de saber quenes son os propietarios. Non é fácil a súa realización.-

Intervén o Concelleiro membro non adscrito, **XAIME CANCIO RODRÍGUEZ**, e di que pode haber máis obras, pero ésta ten máis problemática pola profundidade. Di que terá que facelo o propietario da obra, pero que hai que darlle unha solución por seguridade.-



CONCELLO DE FOZ (LUGO)

Debatido suficientemente o señor alcalde somete o transcrito ditame da comisión informativa a votación ordinaria, producíndose o seguinte resultado:

- VOTOS A FAVOR: CONCELLEIROS MEMBROS NON ADSCRITOS (5); UNIFOZ (2); MIXTO-BNG (1).-
- VOTOS EN CONTRA: NINGÚN.-
- ABSTENCIÓNS: PP (5).-

Consecuentemente, obtida maioría de votos favorables queda proclamado polo señor presidente o acordo acadado, deste xeito:

PRESTAR APROBACIÓN AO DITAME DA COMISIÓN INFORMATIVA PERMANENTE DE ASUNTOS PREPARATORIOS DE PLENO DE DATA 19/03/2015 REFLECTIDO ANTERIORMENTE, EN TODOS OS SEUS EXTREMOS E NOS SEUS PROPIOS TERMOS.-

6.- MOCIÓN GRUPO MUNICIPAL UNIFOZ, PARA INSTAR AO MINISTERIO DE MEDIO AMBIENTE A EXECUCIÓN DO PROXECTO APROBADO DE PASEO MARÍTIMO DE CANGAS A AREOURA.- Dáse conta do ditame emitido pola comisión informativa permanente de Asuntos Preparatorios de Pleno, acadado na súa sesión ordinaria celebrada o día 19 de marzo de 2015, que no seu literal indica:

“ Atendida a Moción reflectida no epígrafe, defendida pola Concelleira do grupo municipal UNIFOZ, ANA MARÍA LÓPEZ CAMPOAMOR, co tenor seguinte:

“ Que dende fai anos, encontrase aprobado o proxecto de paseo marítimo entre Cangas e a Praia da Areoura.-

Que este tramo de paseo, é o último tramo para a conexión co paseo marítimo de Burela.-

Que o mencionado paseo é necesario para completar o chamado camiño do mar ao seu paso polo noso concello, e nos permitiría ter un sendeiro pola totalidade da costa do noso Concello, e ser un referente en recursos turísticos.-

Por todo o exposto mediante a seguinte MOCIÓN , a Corporación Municipal insta ao MINISTERIO DE MEDIO AMBIENTE:

-A execución do proxecto aprobado de PASEO MARITIMO DE CANGAS A AREOURA”.-

*Non producíndose debate algún, pola Presidencia sométese a proposta contida na Moción anteriormente transcrita a votación ordinaria, e por **unanimidade** dos once concelleiros/as que a compoñen, resulta proclamado o seguinte ditame:*

DITAMINAR FAVORABLEMENTE E PROPOÑER AO PLENO DESTE CONCELLO A APROBACIÓN DA MOCIÓN DA CONCELLEIRA DO GRUPO MUNICIPAL UNIFOZ, ANA MARÍA LÓPEZ CAMPOAMOR, PARA INSTAR AO MINISTERIO DE MEDIO AMBIENTE A EXECUCIÓN DO PROXECTO APROBADO DE PASEO MARÍTIMO DE CANGAS A AREOURA”.-

A continuación o señor ALCALDE, JAVIER JORGE CASTIÑEIRA, dálle a palabra á Portavoz do grupo municipal UNIFOZ, ANA MARÍA LÓPEZ CAMPOAMOR, quen pasa a dar lectura e explicación da súa moción.-

Intervén a continuación o Portavoz do grupo municipal MIXTO-BNG, XAN CARLOS GONZÁLEZ BASANTA, e manifesta que está a favor da moción.-

A continuación intervén o Portavoz dos Concelleiros membros non adscritos, RAMÓN SIXTO LEGASPI, e di que en outono xa presentaron eles unha moción neste sentido, pero que están a favor da mesma.-

O Concelleiro membro non adscrito, XAIME CANCIO RODRÍGUEZ, manifesta que él tamén está a favor da moción.-

A continuación intervén o señor ALCALDE, JAVIER JORGE CASTIÑEIRA, e di que os acordos da Corporación remítense aos organismos correspondentes, e que se realizaron inversións para Paseo do Cantábrico: 200.000 €; Paseo de San Rosendo, e 300.000 euros comprometidos para o primeiro tramo do carril-bici, e tamén se fixeron obras de inversións na Arealonga, todo isto por parte do Ministerio. Di que hai cousas pendentes, pero foi un sacrificio importante.-

Debatido suficientemente o señor alcalde somete o transcrito ditame da comisión informativa a votación ordinaria, e por unanimidade dos trece señores /as concelleiros/as, queda proclamado polo señor presidente o acordo acadado, deste xeito:

PRESTAR APROBACIÓN AO DITAME DA COMISIÓN INFORMATIVA PERMANENTE DE ASUNTOS PREPARATORIOS DE PLENO DE DATA 19/03/2015 REFLECTIDO ANTERIORMENTE, EN TODOS OS SEUS EXTREMOS E NOS SEUS PROPIOS TERMOS.-

7.- MOCIÓN CONCELLEIROS MEMBROS NON ADSCRITOS, RAMÓN SIXTO LEGASPI E OUTROS, PARA SOLICITAR Á XUNTA DE GALICIA O PERSOAL NECESARIO PARA O MANTEMENTO DAS NOSAS PRAIAS.- Dáse conta do ditame emitido pola comisión informativa permanente de Asuntos Preparatorios de Pleno, acadado na súa sesión ordinaria celebrada o día 19 de marzo de 2015, que no seu literal indica:

“ MOCIÓN PARA SOLICITAR Á XUNTA DE GALICIA O PERSOAL NECESARIO PARA O MANTEMENTO DAS NOSAS PRAIAS

Os Concelleiros non adscritos Ramón Sixto Legaspi, Enrique Cotarelo García, Ana Isabel Villarino Alonso e Manuel Casabella Otero presentamos en conxunto para o seu debate e aprobación no Pleno do mes de Marzo a seguinte moción:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

De todos é coñecido a situación de desconcerto que a Xunta de Galicia xera coa súa caótica xestión nos Concellos coa chegada da temporada estival, estámonos a referir á asignación do persoal necesario para cubrir servizos municipais, especialmente no que se refire o servizo de socorrismo e a limpeza dos areas entre outros.-

Pois ben, de un tempo a esta parte a Xunta de Galicia ven escatimando de forma extrema a asignación de recursos humanos para o coidado dos nosos areas, acarreado con elo o lóxico malestar dos nosos veciños e visitantes que contemplan impotentes a falta de limpeza e coidado dunha contorna que ten no turismo unha importante fonte de ingresos.-



CONCELLO DE FOZ (LUGO)

Por todo o exposto solicitamos o voto favorable da corporación para poder levar a cabo o seguinte acordo:

Solicitar á Xunta de Galicia que se decida en tempo, forma e cuantía o persoal que vai asignar a cada Concello para cubrir os servizos descritos anteriormente, que se teña en conta que ditos servizos deben de estar operativos a mais tardar o 15 de Xuño. Por outra parte que se dote o municipio de Foz da partida económica necesaria para que se cubran ditos servizos de acordo ó aumento da poboación en temporada estival “.-

Non producíndose debate algún, pola Presidencia sométese a proposta contida na Moción anteriormente transcrita a votación ordinaria, e por **unanimidade** dos once concelleiros/as que a compoñen, resulta proclamado o seguinte ditame:

DITAMINAR FAVORABLEMENTE E PROPOÑER AO PLENO DESTE CONCELLO A APROBACIÓN DA MOCIÓN DOS CONCELLEIROS MEMBROS NON ADSCRITOS SEÑORES/AS RAMÓN SIXTO LEGASPI, ANA I. VILLARINO ALONSO, ENRIQUE COTARELO GARCÍA e JOSÉ MANUEL CASABELLA OTERO, PARA SOLICITAR Á XUNTA DE GALICIA O PERSOAL NECESARIO PARA O MANTEMENTO DAS NOSAS PRAIAS “.-

A continuación o señor ALCALDE, JAVIER JORGE CASTIÑEIRA, dálle a palabra ao Portavoz dos Concelleiros membros non adscritos, RAMÓN SIXTO LEGASPI, quen pasa a dar lectura e explicación da moción.-

Non producíndose debate algún, o señor alcalde somete o transcrito ditame da comisión informativa a votación ordinaria, e por **unanimidade** dos trece señores /as concelleiros/as, queda proclamado polo señor presidente o acordo acadado, deste xeito:

PRESTAR APROBACIÓN AO DITAME DA COMISIÓN INFORMATIVA PERMANENTE DE ASUNTOS PREPARATORIOS DE PLENO DE DATA 19/03/2015 RELFECTIDO ANTERIORMENTE, EN TODOS OS SEUS EXTREMOS E NOS SEUS PROPIOS TERMOS.-

8.- ASUNTOS QUE POIDAN SER DECLARADOS DE URXENCIA.-

O Concelleiro membro non adscrito, XAIME CANCIO RODRÍGUEZ, presenta unha moción que, trala oportuna declaración de urxencia acadada por unanimidade dos trece votos favorables dos señores/as concelleiros/as dos grupos PP, UNIFOZ, MIXTO-BNG, E MEMBROS NON ADSCRITOS, ao abeiro do establecido no artigo 91.4 do ROF aprobado polo Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, en relación ao que se establece no artigo 138 do mesmo corpo regulamentario, éntrese no despacho da seguinte:

“ MOCIÓN

“ El Real Decreto 62/2008 de 25 de enero por el que se aprueba el REGLAMENTO DE LAS CONDICIONES DE SEGURIDAD MARITIMA, DE LANAVEGACION Y DE LA VIDA HUMANA EN LA MAR, aplicables a las concentraciones náuticas de carácter conmemorativo y pruebas náutico deportivas.

En el Artículo 12, Obligaciones del Coordinador de Seguridad y de los comités de Regatas, en el apartado 4 hace referencia a asegurar la existencia de medios de ayuda y rescate que acompañen a las embarcaciones participantes en la concentración en número suficiente para

hacer frente a cualquier emergencia. Dicho número no deberá ser inferior a una embarcación de rescate por cada veinte (20) embarcaciones participantes.

Del mismo modo en el Artículo 15 apartado 5 especifica que cuando se celebren pruebas de remo, vela infantil, optimist, vela iniciación, cadete, vela ligera o similares, además de las norma ordinarias de seguridad se deberá establecer un número adecuado de embarcaciones de auxilio o apoyo las embarcaciones participantes, que en ningún caso deberá bajar la citada relación de una embarcación de apoyo por cada diez (10) embarcaciones participantes.

Que como é coñecido na ría de Foz, ten lugar todos os anos, a Travesía Ría de Foz de Piraguas.

Que tendo en conta o exposto anteriormente, para cumprir a lei, sería necesario un número de embarcacións superior as nosas posibilidades.

Por todo o exposto mediante a seguinte MOCIÓN URXENTE , a Corporación Municipal insta ao, MINISTERIO DE FOMENTO para a modificación do establecido no Real Decreto exposto, que atende a casos xerais e que modifique o mesmo en función das características da proba náutica correspondente “:-

Intervén a continuación o Concelleiro membro non adscrito, **XAIME CANCIO RODRÍGUEZ**, e explica que é o Capitán Marítimo quén debe de autorizar a proba, polo que, non contando con suficientes embarcacións de control para levar a cabo a regata de piragüas, pide que se modifique.-

A continuación intervén a Portavoz do grupo municipal **UNIFOZ, ANA MARÍA LÓPEZ CAMPOAMOR**, e di que eles están a favor da moción.-

Intervén o Portavoz do grupo municipal **MIXTO-BNG, XAN CARLOS GONZÁLEZ BASANTA**, e pide que se estudie a posibilidade de modificación, tendo en conta as circunstancias especiais que poida ter unha ría como a de Foz.-

A continuación intervén o Portavoz dos Concelleiros membros non adscritos, **RAMÓN SIXTO LEGASPI**, e manifesta que entenden que coa seguridade non se debe xogar nin escatimar, eles queren as regatas pero con seguridade, e están de acordo co que di o señor Basanta.-

Intervén o señor **ALCALDE, JAVIER JORGE CASTIÑEIRA**, e di que o desenrolo que se fai é a través dun Plan de Seguridade pola Capitanía Marítima para as probas, que é a competente para que se aprobe. Di que en todo caso, teranse que pedir que se aporten máis medios, hai outros mecanismos para facilitar as probas, pero non que se modifiquen por motivos de seguridade.-

Intervén novamente o Concelleiro membro non adscrito, **XAIME CANCIO RODRÍGUEZ**, e explica que a moción di que se estuden as medidas de seguridade das probas en concreto, non se pode impoñer un coordinador de seguridade por embarcación, e queren que o artigo se redacte doutra maneira.-

A continuación intervén novamente o Portavoz do grupo municipal **MIXTO-BNG, XAN CARLOS GONZÁLEZ BASANTA**, e di que eles non votaron a favor algo no que hai dúbidas.-

Debatido suficientemente o señor alcalde somete a transcrita Moción a votación ordinaria, producíndose o seguinte resultado:



CONCELLO DE FOZ (LUGO)

- VOTOS A FAVOR: CONCELLEIRO MEMBRO NON ADSCRITO (1); UNIFOZ (2).-
- VOTOS EN CONTRA: PP (5).-
- ABSTENCIÓNS: CONCELLEIROS MEMBROS NON ADSCRITOS (4); MIXTO-BNG (1).-

Consecuentemente, non obtida maioría de votos favorables queda proclamado polo señor presidente o acordo acadado, deste xeito:

NON PRESTAR APROBACIÓN Á MOCIÓN PRESENTADA POLO CONCELLEIRO MEMBRO NON ADSCRITO, XAIME CANCIO RODRÍGUEZ, RELFECTIDA ANTERIORMENTE.-

9.- ROGOS E PREGUNTAS.-

Na queda de **ROGOS**, formúlanse os seguintes:

GRUPO MUNICIPAL UNIFOZ

Dona ANA MARÍA LÓPEZ CAMPOAMOR

- Que se controlen os animais da Aula da Natureza.-
- Que se vixíen as áreas recreativas.-
- Que se instalen contenedores de lixo na rúa Concello de Barreiros.-

GRUPO MUNICIPAL MIXTO-BNG

Don XAN CARLOS GONZÁLEZ BASANTA

- Que se revise o estado dos xogos nas áreas recreativa, así como as dúas piscinas.-
- As baldosas da rúa Atalaia están soltas.-
- Caixa eléctrica na esquina do Colexio nº 1, está solta na farola.-

MEMBROS NON ADSCRITOS

Don/a RAMÓN SIXTO LEGASPI; ANA ISABEL VILLARINO ALONSO; ENRIQUE COTARELO GARCIA; JOSÉ MANUEL CASABELLA OTERO.-

- Acondicionamento das pista deportivas de As Torres.-

MEMBRO NON ADSCRITO

Don XAIME CANCIO RODRÍGUEZ

- Un plan integral para adaptar os reemisores de TV do Concello, porque co cambio de canais teñen problemas.-

Na quenda de **PREGUNTAS**, fórmulanse as seguintes:

Dona ANA MARÍA LÓPEZ CAMPOAMOR (UNIFOZ)

-¿Están rematadas as obras do Paseo?. Que saquen as pedras, que non as enterren.

O señor Alcalde responde que están a punto de rematar.-

-¿Vaise facer algo en relación á redución de xornada da Pediatra de Foz?.

O señor Alcalde responde que non se sabe nada.-

Don XAN CARLOS GONZÁLEZ BASANTA (GRUPO MUNICIPAL MIXTO-BNG)

-¿Hai algún tipo de seguridade co tema do vandalismo, e xa se pasou o botellón para a Estación de Autobuses?.

O señor Alcalde responde que no verán tivemos menos vandalismo, e que o botellón non hai ningún sitio autorizado para levalo a cabo.-

-¿Ten datos sobre a contía e número de sancións polos excrementos dos cans?.

O señor Alcalde responde que a Policía Local ten orde expresa de controlar os excrementos, pero con exactitude non o sabemos.-

Don RAMÓN SIXTO LEGASPI (MEMBRO NON ADSCRITO)

-¿Sabe a contía de facturas que van quedar fora de contabilidade?.

O señor Alcalde responde que vai vir en próximas semanas, en canto se faga o informe de Intervención.-

-¿Fixose algo desde que houbo a reunión coa Protectora de Animais?.

O señor Alcalde responde que se está a buscar parcela co técnico municipal.-

-¿Fixose algún trámite para o problema da desembocadura do Río Ouro?.

O señor Alcalde responde que sí, que se falou con Costas e que hai intención de dragala.-

Don XAIME CANCIO RODRÍGUEZ (MEMBRO NON ADSCRITO)

-¿Hai intención de incrementar o horario da Oficina de Turismo, e que inclúan a zona marítima?.

O señor Alcalde responde que sí que hai intención.-

Concluído o anterior, ás vinte e unha horas e vinte minutos, non sendo outro o obxecto da convocatoria, o señor alcalde titular levanta a sesión no lugar e data ao principio

**CONCELLO DE FOZ (LUGO)**

indicados, estendéndose a presente acta para constancia, de todo o que, como secretaria, certifico.-

A secretaria,

ANA BARREIRO GÓMEZ

O alcalde,

JAVIER JORGE CASTIÑEIRA

(DOCUMENTO ASINADO DIXITALMENTE)